

XORNADA POLA CIENCIA EN GALEGO

O dereito a gozar da ciencia en galego

1.- Descrición da actividade:

Consiste en organizar unha actividade conxunta e de maneira coordinada entre os departamentos e os docentes das áreas científico-tecnolóxicas, xunto cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, dun mesmo ou varios centros escolares, co obxectivo de reivindicar o ensino da ciencia en lingua galega.

A proposta concrétese en levar as aulas de Tecnoloxía, Matemáticas, Física e Química, Informática e Debuxo Técnico, etc. a un espazo diferente (aula multiusos, patio escolar, etc.) e mesmo á rúa das vilas e cidades para lle dar á xornada esa compoñente lúdica e reivindicativa e sempre divulgativa.

A actividade realizarase en toda Galicia o mesmo día: o 4 de novembro de 2010.

Estará dirixida a todos os centros de ensino infantil, primario e secundario, ciclos formativos e bacharelato.

2.- Obxectivos:

- Mostrar á sociedade a idoneidade do desenvolvemento das materias científico-tecnolóxicas en galego.
- Expresar publicamente que as linguas se aprenden usándoas en todos os contextos, tamén nos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía.
- Expresar publicamente que **todas AS LINGUAS son válidas para a expresión científica**

3.- Desenvolvemento:

3.1.-Temporalización:

Durante a mañá do **4 de novembro de 2010**.

3.2.- Espazo:

Tenderase a procurar un espazo que lle confira á xornada un valor especial que, dependendo das posibilidades de cada centro, pode ir dende o salón de actos ou o patio escolar ata un lugar céntrico e amplo da vila ou cidade, onde se pode concorrer con outros centros educativos.

3.3.- Actividades:

A idea inicial é que se desenvolvan **actividades divulgativas** das diferentes materias que deben ser deseñadas polos propios especialistas aínda que se proporá un abano de actividades no apartado especial que a Coordinadora disporá para tal efecto na súa páxina web.

A variedade das mesmas dependerá do número de centros e do alumnado que se congregue en cada lugar concreto aínda que, como mínimo, debería mostrarse **unha actividade** .

Unha proposta é **construír un papaventos**, aínda que cada centro pode realizar libremente calquera outra actividade. A construción dun papaventos pódese axustar a todos os niveis educativos, e cada centro pode desenvolver a idea adaptándoa ás súas características e niveis. Poden engadírselles fitas con textos, realizar actividades nos días previos co alumnado investigando sobre este artefacto, ou simplemente construír pequenos papaventos para un grupo de alumnos e alumnas de cinco ou seis anos.

3.4.- Recursos humanos:

- Profesorado das materias científico-tecnolóxicas dos distintos niveis, cos que pode colaborar calquera departamento dos centros educativos.
- Alumnado dos diferentes niveis.
- Apoios e colaboracións:
 - ENDL dos centros educativos
 - Departamentos de Actividades Extraescolares e Complementarias
 - Equipos directivos dos centros
 - Claustros, Consellos Escolares e ANPAS
 - Concellos (servizos de normalización) e outras institucións e entidades do contorno.

Os ENDL actuarán de dinamizadores tratando de establecer contacto cos centros próximos para se encontraren todos nun mesmo lugar no caso de que exista esa posibilidade.

A proposta xa conta co apoio das asociacións de profesorado de ciencias, matemáticas e tecnoloxía (ENCIGA, AGAPEMA, APETEGA) e de diversas institucións e colectivos que se están sumando e cuxa colaboración se plasmará no proxecto nas próximas semanas.

3.5.- Recursos técnicos (este apartado debe ser ampliado polos especialistas das diferentes materias).

3.6.- Recursos publicitarios:

- Difusión nos vosos centros e entre a vosa xenda de contactos do ensino.
- Carteis publicitarios co lema “Día da ciencia en galego” para distribuír e pegar en cada centro, vila, cidade... antes e durante o desenvolvemento da actividade. O cartel está en proceso de deseño. Colgarémolo na páxina próximamente para que cada

quen poida descargalo e imprimilo no seu centro, aínda que se está a buscar tamén a súa difusión e distribución por medio dos colectivos que organizan e colaboran nesta proposta.

- Dar aviso da xornada aos medios de comunicación (radio, tv, prensa) de ámbito local e comarcal para que contribúan á súa divulgación.
- Camisolas, pegatinas e outros soportes publicitarios, sempre que sexa posible cos medios propios e cos que se están estudando a nivel das organizacións convocantes.

3.7.- Coordinación entre os equipos e papel da CGENDL:

- A Coordinadora Galega de ENDL habilitará un apartado especial na súa páxina web para acoller toda a información relativa a esta xornada: www.coordinadoraendl.org/cienciaengalego

- Para centralizar a información do que se está a organizar nos centros e establecer posibles contactos entre eles, é preciso enviar un correo a correo@coordinadoraendl.org no que se dean os seguintes datos:

- Nome do centro
- Departamentos/docentes implicados
- Actividade que se vai levar a cabo
- Niveis educativos en que se vai desenvolver
- Nº aproximado de alumnos/as implicados
- Profesor/a de contacto (tamén correo)
- Observacións (dúbdas, suxestións, etc.)

- Así mesmo, os equipos e diferentes departamentos poden enviar as súas propostas de actividades, que serán colgadas no apartado especial da páxina da Coordinadora para seren compartidas.

3.8.- Orzamento (o custe da actividade variará en función das necesidades que se precisen en cada centro).